

DECRETO 228/1997, DO 30 DE XULLO, POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE Ó TÍTULO DE TÉCNICO EN XESTIÓN ADMINISTRATIVA

A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, dispón no seu artigo 4 que lle corresponde ás Administracións educativas competentes establecer os currículos dos ciclos formativos.

En aplicación de dito artigo, de acordo coas atribucións recollidas no Estatuto de Autonomía, no Real Decreto 1763/1982 sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación e no Real Decreto 676/1993, do 7 de maio, que establece as directrices xerais sobre os títulos de formación profesional e as súas ensinanzas mínimas, dítase o Decreto 239/1995, do 28 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos na Comunidade Autónoma de Galicia, determinando os aspectos que deben cumprilos currículos dos diferentes ciclos formativos.

O Real Decreto 1662/1994, do 22 de xullo, estableceu o título de Técnico en Xestión administrativa e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, en consonancia co devandito Real Decreto 676/1993.

Seguindo os principios xerais que rexerán a actividade educativa, recollidos nos preceptos anteriores, o currículo dos ciclos formativos da formación profesional específica establécese de xeito que permita a adaptación da nova titulación ó eido profesional e de traballo na realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector productivo da nosa economía, tendo en conta a marxe suficiente de autonomía pedagóxica que posibilite ós centros adecuala docencia ás características do alumnado e ó contorno sociocultural do centro.

Isto require o posterior desenvolvemento nas programacións elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo que concrete a adaptación sinalada, tomando como referencia inmediata as capacidades profesionais que definen o perfil profesional do Título. Estas permitirán realizar o rol do posto de traballo en actividades específicas que producen resultados concretos, dirixilas variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixilo conxunto do traballo e acadalos obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

O currículo que se establece no presente Decreto desenvólvese seguindo unha estrutura común a todos os currículos de Formación Profesional, tendo en conta os obxectivos xerais que fixan as capacidades que o alumnado debe acadar ó finalizar o ciclo formativo, e describen o conxunto de aptitudes que configura a cualificación profesional, así como os obxectivos dos distintos módulos profesionais, expresados neste Decreto como capacidades terminais elementais, que definen en termos de

resultados avaliábeis o comportamento, saber e comprender, que se require do alumnado para acadar os logros profesionais do perfil profesional.

As ditas capacidades acádanse a partir dos contidos mínimos necesarios de tipo conceptual, procedemental e actitudinal, que proporcionarán o soporte de información e destreza precisos para desenvolver comportamentos profesionais, tanto no aspecto tecnolóxico como de valoración funcional e técnica. Estes contidos son igualmente importantes xa que todos eles levan a acadar as capacidades terminais elementais sinaladas en cada módulo. Preséntanse agrupados en bloques que non constitúen un temario nin son unidades compartimentadas que teñan por si mesmas sentido, a súa estrutura responde a aquilo que debería ter en conta o profesorado á hora de elaborar as programacións de aula e a orde na que se presentan non implica secuencia.

A inclusión do módulo de formación en centros de traballo (F.C.T.) posibilita que o alumnado complete a competencia profesional acadada no centro educativo, mediante a realización dun conxunto de actividades productivas e/ou de servizos -contidos- do centro de traballo. As actividades de referencia poden ser modificadas ou substituídas por outras que, adaptándose mellor ó proceso productivo ou de servizos do centro de traballo, conduzan á adquisición das capacidades terminais deste módulo.

Para completa-lo currículo, o centro docente dispón dun determinado número de horas lectivas que, xunto co módulo de formación en centros de traballo, permitirán a súa adaptación ás necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socio-productivo e responderá ás características do alumnado.

O exposto anteriormente permitirá que o centro educativo realice o desenvolvemento curricular establecendo os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, secuencia e metodoloxía que respondan ás características do alumnado e ás posibilidades de formación que ofrece o seu contorno.

Por todo isto, por proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, co informe do Consello Galego de Ensinanzas Técnico-profesionais e do Consello Escolar de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de xullo de mil novecentos noventa e sete,

DISPÓÑO:

1. IDENTIFICACIÓN DO TÍTULO

Artigo 1.-

Este Decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma Galega para as ensinanzas de formación profesional relativa ó título de Técnico en Xestión administrativa regulado polo Real Decreto 1662 de 1994, polo que se aproban as ensinanzas mínimas e na normativa que o desenvolva ou modifique.

Artigo 2.-

A denominación, nivel de formación profesional e duración do ciclo formativo son as que se establecen no apartado 1 do anexo deste Decreto.

2. PERFIL PROFESIONAL

Artigo 3.-

A competencia xeral, capacidades profesionais, unidades de competencia, realización e criterios de realización, dominio profesional así como a evolución da competencia e a posición no proceso productivo que definen o perfil profesional do título son as que se establecen no apartado 2 do anexo deste Decreto.

3. CURRÍCULUM DO CICLO FORMATIVO.

Artigo 4.-

1. O currículo do ciclo formativo é o que se establece no apartado 3 do anexo deste Decreto, sendo as capacidades terminais elementais os resultados avaliábeis de cada módulo.

2. Os centros disporán dun número determinado de horas para poder adapta-lo currículo do ciclo formativo ó seu propio ámbito educativo.

4. ORDENACIÓN ACADÉMICA E IMPARTICIÓN.

Artigo 5.-

1. As especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos que compoñen este título son as que se expresan no apartado 4.1.1 do anexo deste Decreto.

2. As materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades definidas no presente ciclo, son as que se expresan no apartado 4.1.2 do anexo deste Decreto.

3. As equivalencias de titulación a efectos de docencia, son as que se expresan no apartado 4.1.3 do anexo deste Decreto.

Artigo 6.-

Os requisitos de espazos e instalacións que deben reunir os centros educativos para a impartición do presente ciclo formativo son os que se determinan no apartado 4.2 do anexo deste Decreto.

Artigo 7.-

1. As persoas que acceden mediante proba a este ciclo formativo poderán unha vez que o superen cursa-las modalidades do bacharelato indicadas no apartado 4.3.1 do anexo deste Decreto.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de Formación Profesional Ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos apartados 4.3.2 e 4.3.3 do anexo deste Decreto.

3. Sen prexuízo do anterior, por proposta dos Ministerios de Educación e Cultura e de Traballo e Asuntos Sociais, poderanse incluír, no seu caso, outros módulos susceptibles de validación e correspondencia coa formación profesional ocupacional e a práctica laboral.

Artigo 8.-

Os módulos profesionais deste ciclo formativo organizaranse segundo se establece no apartado 4.4 do anexo deste Decreto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas dos ciclos formativos ás peculiares características da educación a distancia e da educación de persoas adultas. En particular, regulamentará a forma en que os centros debidamente autorizados poderán ofertar de forma parcial os ciclos formativos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira

Autorízase ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dictar cantas disposicións sexan precisas, no ámbito das súas competencias, para a execución e desenvolvemento do disposto no presente Decreto.

Segunda.

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Diario Oficial de Galicia".

ANEXO

1. IDENTIFICACIÓN DO TÍTULO

1.1. DENOMINACIÓN: XESTIÓN ADMINISTRATIVA

1.2. NIVEL: Formación Profesional de Grao Medio

1.3. DURACIÓN DO CICLO FORMATIVO: 1.300 horas

2. PERFIL PROFESIONAL

2.1. Competencia xeral

Os requirimentos xerais de cualificación profesional do sistema productivo para este técnico son:

Efectua-las operacións de xestión administrativa no ámbito público e privado, segundo as normas de organización interna e á lexislación vixente, de forma eficaz e con calidade de servicio.

2.2. Capacidades profesionais

- Capacidade técnica:

Executar e mante-los procesos administrativos xerais dunha pequena oficina.

Utilizar e controla-los procedementos, programas, equipos e soportes informáticos específicos da xestión administrativa.

Preparar, elaborar e transcribi-la documentación con pulcritude, precisión e rapidez, aplicando as normas de seguridade e confidencialidade establecidas.

- Capacidade para afrontar continxencias:

Procesa-la información oral e escrita, tanto interna como externa, e transmitir ó seu inmediato superior as incidencias previstas e imprevistos que excedan do seu ámbito de competencia.

Manter comunicacións efectivas no desenvolvemento do seu traballo, e en especial en operacións comerciais, de venta e atención ó cliente, informando e solicitando axuda a quen proceda cando se produzan continxencias na operación.

Executar un conxunto de accións de contido politécnico e/ou polifuncional, de forma autónoma no marco das técnicas propias da súa profesión, baixo métodos establecidos.

- Capacidade para dirixir tarefas:

Definir e controla-los procesos administrativos xerais dunha pequena oficina.

Ter unha visión global e integrada da organización e do proceso de xestión administrativa no ámbito público e privado.

Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo normas establecidas ou precedentes definidos dentro do ámbito da súa competencia, consultando ditas decisións cando as súas repercusións económicas ou de seguridade sexan importantes.

- Capacidade para adaptarse ó medio:

Cumpri-la súa actividade con eficacia e calidade de servizo, aplicando a normativa vixente con estrita suxeición ós prazos establecidos.

Ter unha visión global e integrada da organización e do proceso de xestión administrativa no ámbito público e privado.

Adaptarse ás novas situacións laborais, tanto no ámbito público como privado, xeradas pola aplicación de novas tecnoloxías relacionadas coa súa profesión.

Manter relacións fluídas cos membros do grupo funcional no que está integrado, respectando o traballo dos demais, cooperando na superación das dificultades que se presenten, con unha actitude tolerante coas ideas dos compañeiros e subordinados.

2.3. Responsabilidade e autonomía nas situacións de traballo

A este técnico, no marco das funcións e obxectivos asignados polos técnicos de nivel superior ó seu, requiriráselle nos campos ocupacionais concernidos, as capacidades de autonomía en:

- ! Elaborar e cumprir de correspondencia e documentación con equipos informáticos e de oficina, segundo as instrucións recibidas.
- ! Rexistro e arquivo da correspondencia e documentación.
- ! Recepción da información oral e escrita e a súa distribución.
- ! Realización de xestións diversas ante organismos públicos e empresas.

- ! Realización de pagamentos, cobros en efectivo, arqueo e control dunha pequena caixa.
- ! Rexistro de entradas e saídas de existencias.
- ! Operacións básicas de contabilidade e o seu reflexo nos libros e rexistros correspondentes.

2.4. Unidades de competencia

- 1. Rexistrar, procesar e transmitir información.**
- 2. Realiza-las xestións administrativas de compra e venda de produtos e/ou servicios.**
- 3. Realiza-las xestións administrativas de persoal.**
- 4. Realiza-las xestións administrativas de tesourería e os rexistros contables.**
- 5. Informar e atende-lo cliente sobre produtos e/ou servicios financeiros e de seguros.**
- 6. Realizar xestións administrativas na Administración Pública.**

2.5. Realizacións e dominios profesionais

Unidade de Competencia 1: **REXISTRAR, PROCESAR E TRANSMITIR INFORMACIÓN**

REALIZACIÓN	CRITERIOS DE REALIZACIÓN
1.1. Proporcionar directa ou telefonicamente a información requirida en cada unha das consultas realizadas, de acordo cos criterios de prioridade, confidencialidade e acceso establecidos.	- Pídese tempo para informar e , se é o caso, teléfono ou fax onde o poder facer, se non se coñece inmediatamente a resposta correcta. - Consúltase ó superior xerárquico ou se lle remite ó solicitante da información. - A información é proporcionada de xeito amable, veraz e inmediato, segundo as normas establecidas.
1.2. Recibir, rexistrar e distribuí-la correspondencia de acordo coas normas internas.	- Compróbase que o destinatario é a organización ou un membro dela. - Consúltase o destino da correspondencia incompleta, defectuosa, que será devolta, de se-lo caso. - Fáiselle chegar ó seu destinatario a dirixida persoalmente. - Fáiselle chegar á unidade correspondente a remitida á organización. - Rexístrase conforme ás normas internas.

- 1.3. Introducir datos no ordenador asegurando a súa permanencia, actualización e confidencialidade.
- Coñécese o funcionamento dos medios técnicos postos á súa disposición.
 - Elíxese o programa informático axeitado ós datos que se deben introducir segundo as necesidades da empresa.
 - Os fallos son identificados e corrixidos no momento.
 - Asegúrase a permanencia dos datos mediante disco de seguridade.
 - Mantense actualizado o sistema atendendo as normas técnicas e a lexislación vixente.
- 1.4. Elaborar e cubri-la documentación precisa, utilizando calquera equipo "ofimático" coa destreza e velocidade axeitada.
- Deséñanse formatos estándar para aqueles documentos de uso habitual, de acordo coas instrucións recibidas.
 - Recupérase a información á medida que é necesaria.
 - Redáctase correctamente o documento, sen faltas de ortografía, na forma e o tempo solicitados.
 - Énchese correctamente o impreso.
 - Utilízase o medio "ofimático" máis axeitado segundo o documento ou información.
 - O documento é contrastado co orixinal e realízanse as correccións pertinentes.
 - O teclado é utilizado de forma óptima e coa velocidade requirida segundo o documento.

- 1.5. Arquivar, custodiar e controlar información en soporte convencional ou informático de acordo co espacio, distribución e criterios de organización internos que permitan o seu acceso ou consulta.
- Clasifícase a información separando a que é necesario arquivar e a que se pode destruír.
 - A información de uso restrinxido ou reservado está protexida no seu acceso.
 - A información de uso frecuente mantense en soportes temporais facilmente recuperables.
 - Facilítase a información requirida segundo os criterios de prioridade e accesibilidade establecidos.
 - Comunícase a quen proceda o vencemento dos prazos establecidos legalmente ou pola organización, sobre a información e documentación custodiada.

DOMINIO PROFESIONAL

- ! **Información (natureza, tipo e soportes):** Estructura orgánica e funcional da empresa, entidade ou organismo. Normas internas de organización. Directorios e ficheiros. Documentos normalizados.
- ! **Medios para o tratamento de información:** Equipos ofimáticos e informáticos, "software" de base: sistema operativo monousuario, "software" de propósito xeral: Bases de datos, follas de cálculo, tratamento de textos. Teléfono, fax. Arquivadores e soportes informáticos de arquivo, material de oficina. Máquinas de escribir eléctricas e/ou electrónicas.
- ! **Procesos, métodos e procedementos:** Procesos e procedementos de rexistro e arquivo da información e/ou documentación. Procedementos de elaboración e presentación da información e documentación. Procedementos internos de comunicación, acceso e consulta da documentación e información.
- ! **Principais resultados de traballo:** Información transmitida correctamente. Documentación elaborada sen erros ortográficos, sen riscos e ben estruturada. Documentación e información correctamente rexistrada e arquivada. Óptimo funcionamento das canles de comunicación e información dentro e fóra da empresa no ámbito da súa competencia.
- ! **Persoas e/ou organizacións destinatarias do servizo:** Público, clientes, provedores, organismos públicos, persoal/departamentos da empresa.

2.5. Realizacións e dominios profesionais (continuación)

Unidade de Competencia 2: **REALIZA-LAS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS DE COMPRA E VENDA DE PRODUCTOS E/OU SERVICIOS**

REALIZACIÓNS	CRITERIOS DE REALIZACIÓN
2.1. Elaborar e cubri-la documentación correspondente ó pedido solicitado polo cliente ou ó proveedor, tendo en conta a normativa vixente e o procedemento interno.	- A documentación é comprobada nos seus conceptos: pedidos, prezos e cantidade. - A documentación cumpre cos requisitos establecidos pola normativa vixente. - Os cálculos necesarios relativos á documentación son correctos. - O tipo e número de produtos ou servizos solicitados son identificados inequivocamente.
2.2. Rexistrar e archivar-la documentación das operacións de compra/-venda en soporte informático ou manual atendendo as normas establecidas.	- Utilízanse os sistemas de clasificación e rexistro establecidos. - Cotéxase o albará coa factura, trasladando as copias ós departamentos correspondentes. - Verifícase que: o nome e/ou razón social, CIF ou NIF, enderezo, datas, número de unidades, modelos, xeito de pagamento, bonificacións, descontos, cálculos, prezos e IVE están correctamente indicados e efectuados, cumpren coa lexislación vixente e se corresponden coas normas internas establecidas. - Envíase orixinal e/ou copia para o seu rexistro contable.

- | | |
|--|--|
| <p>2.3. Efectuar labores comerciais enca-
miñadas á captación e mantemento
de clientes nas condicións
establecidas pola entidade.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Os clientes son atendidos de modo
que se promovan as relacións
futuras. - Efectúase un rexistro con datos e
informacións sobre os clientes. - Envíase correspondencia de tipo co-
mercial ós clientes actuais e
potenciais. - Detéctanse oportunidades de
negocio durante a realización do
traballo diario. |
| <p>2.4. Comunicar, de forma oral ou escri-
ta, as incidencias detectadas na
compra/venda de produtos,
indicando as causas, as solucións
adoptadas ou posibles alternativas,
así como a súa transcendencia na
actividade.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Transmítese de forma clara e concisa
a incidencia detectada e a súa
transcendencia. - No informe indícase o depar-
tamento, o cliente, o produto, o
provedor ou o pedido afectados e
todos aqueles datos que sexan rele-
vantes. - Indícanse as diferentes alternativas
de solución ós problemas detectados. |
| <p>2.5. Rexistra-las entradas e saídas de
existencias en soporte documental
ou informático, aplicando as
normas de valoración establecidas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Aplícase o método de valoración
establecido pola empresa: FIFO,
LIFO ou PMP. - As fichas de almacén e/ou compras
cotéxanse co nivel de existencias
rexistrado e o real para proceder ó
pedido necesario. |

DOMINIO PROFESIONAL

- ! **Información (natureza, tipo e soportes):** Catálogos de produtos e/ou servizos da empresa. Ficheiros de clientes e provedores. Información de existencias de produtos. Prezos. Ordes de compra e venda. Modelos establecidos de albarás, facturas, fichas de almacén e contratos.
- ! **Medios para o tratamento da información:** Propostas de pedidos, albarás, facturas, outros impresos, fichas de almacén, material de oficina, calculadoras, máquinas de

escribir eléctricas, electrónicas, manuais, ordenador persoal. "Software" de base: sistema operativo MS-DOS, "software" de xestores de Bases de Datos, "software" de xestión de almacén e facturación. "Software" de tratamento de textos e follas de cálculo. "Software" integrado de propósito xeral. Teléfono, fax.

- ! **Procesos, métodos e procedementos:** Procedementos de comunicación e elaboración de documentos relativos ás operacións de compra/venda de produtos e/ou servicios na empresa.
- ! **Principais resultados do traballo:** Facturas, albarás, propostas de pedido, cartas comerciais, recibos e outros documentos e información elaborada correctamente segundo normas, instrucións e normativa legal.
- ! **Persoas e/ou organizacións destinatarias do servicio:** Xefes do departamento de: compras, almacén, vendas, administrativo, financeiro. Clientes e provedores. Administrativos e secretarios.

2.5. Realizacións e dominios profesionais (continuación)

Unidades de Competencia 3: **REALIZA-LAS XESTIÓNES ADMINISTRATIVAS DE PERSOAL**

REALIZACIÓN	CRITERIOS DE REALIZACIÓN
3.1. Cumprimentar e rexistra-los contratos de traballo de acordo coas instrucións recibidas e a normativa laboral vixente.	- Realízanse as notificacións pertinentes ó persoal de novo ingreso, trala selección, para a súa incorporación ó traballo. - Cúbreanse, se se trata de impresos, ou se transcriben na forma convida, os contratos con tódolos seus datos esenciais correctos. - Rexístrase o contrato, arquivándoo, e procédese a darlle traslado ós organismos externos correspondentes. - Envíase ou entrégase copia do contrato ó órgano correspondente da empresa.

- 3.2. Executa-las medidas establecidas para o control de asistencia de persoal, cumprimentando fichas e partes de incidencias segundo os formatos e procedementos establecidos.
- Obtense, segundo o sistema de control establecido na empresa, un listado de ausencias ou demoras.
 - Confecciónase un parte coas incidencias, distinguindo as xustificadas das non xustificadas, segundo os criterios establecidos.
 - Remítese o devandito parte ó xefe de persoal ou se acumulan por períodos de tempo, segundo instrucións recibidas.
 - Trasládanse os acordos establecidos ó respecto ó interesado e á unidade de nóminas, no seu caso, para os efectos que procedan.
 - Incorpóranse os devanditos acordos e os seus efectos ó expediente persoal do interesado.
- 3.3. Elaborar, manter e actualiza-los datos incluídos nos expedientes persoais dos empregados segundo instrucións, procedementos internos e normativa laboral vixente en soporte documental e/ou informático.
- A carpeta ou expediente de cada traballador da empresa, inclúe os datos básicos de cada un.
 - Clasifícase o devandito expediente de xeito correcto, segundo criterio preestablecido: alfabético, por categorías, por unidades de traballo na empresa...
 - Realízanse no soporte axeitado as modificacións no/s expediente/s segundo incidencias, variacións de datos persoais e/ou profesionais, do convenio colectivo do sector e da normativa laboral, a partir de instrucións recibidas.
 - O arquivo actualízase e contrólase de xeito periódico, cumprindo correctamente coas novas ordes, cos procedementos internos e a normativa laboral vixente.

3.4. Elaborar nóminas e demais documentos relacionados coa retribución dos empregados segundo instrucións, procedementos internos e normativa laboral vixente, en soporte documental e/ou informático.

- Confecciónase correctamente a nómina individual de cada traballador en soporte documental e/ou informático.
- Recíbense, compróbanse e prepáranse correctamente os datos necesarios para elabora-la nómina mensual, pagas extraordinarias, ou outras percepcións económicas dos traballadores.
- Os cálculos realizados son correctos.
- Aplícanse as bases de cotización á seguridade social e as retencións do IRPF, atendendo ó nivel retributivo e á situación persoal do traballador.
- Recíbense, compróbanse e prepáranse correctamente os datos necesarios para o abono de retribucións ós colaboradores e/ou persoal da empresa por talón bancario, domiciliación bancaria ou en efectivo.
- Recíbense, compróbanse e prepáranse os datos necesarios para o ingreso de cotas á Seguridade Social por continxencias comúns, accidente de traballo e enfermidade profesional, desemprego, formación profesional e fondo de garantía salarial.
- Prepárase a información para o ingreso mensual das retencións fiscais e para a declaración anual do IRPF.

- 3.5. Notificar e informar das incidencias relativas ó persoal, de acordo cos procedementos establecidos.
- Realízanse as notificacións persoais que procedan.
 - Transcríbense e expóñense no taboleiro destinado a tal efecto as comunicacións de índole xeral.
 - Actualízase o exposto no taboleiro.

DOMINIO PROFESIONAL

- ! **Información (natureza, tipo e soportes):** Lista do persoal na empresa. Impresos e modelos de contratos. Modelos de nóminas. Disposicións legais e convenios colectivos do sector. Estatuto dos Traballadores. Información sobre retencións sobre o IRPF. Información sobre cotizacións da Seguridade Social.
- ! **Medios para o tratamento da información:** Calculadoras, máquinas de escribir manuais, eléctricas, electrónicas. Ordenadores persoais. "Software" específico de confección e/ou cumprimentación de Nóminas, TC1, TC2. Contratos e outros documentos relativos á xestión de persoal. Instrumentos e equipos de rexistro e control de persoal. Material de oficina.
- ! **Procesos, métodos e procedementos:** Procedementos de elaboración de documentos relativos a persoal; procedementos de elaboración de nóminas e medios de pagamento. Procedementos de comunicación escrita e notificacións. Procedementos de control de asistencia. Procedementos administrativos de declaración-liquidación de retencións á conta do IRPF e de cotizacións á Seguridade Social.
- ! **Principais resultados do traballo:** Rexistro actualizado de persoal e das súas incidencias. Percepción en tempo e forma das retribucións de persoal. Confección e cumprimentación correcta de nóminas e demais documentos, oficiais ou non, derivados da retribución e xestión de persoal (TC1, TC2). Correcto funcionamento dos sistemas de control e de asistencias establecidos na empresa. Cumprimentación correcta de contratos de traballo.
- ! **Persoas e/ou organizacións destinatarias do servizo:** Xefe do departamento de persoal. Representantes de traballadores na empresa. Representantes sindicais. Empregados da empresa. Axencia Tributaria. Organismos da Seguridade Social.

2.5. Realizacións e dominios profesionais (continuación)

Unidade de Competencia 4: **REALIZA-LAS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS DE TESOURERÍA E OS REXISTROS CONTABLES**

REALIZACIÓNS	CRITERIOS DE REALIZACIÓN
4.1. Cubrir e verifica-los documentos de pagamento e/ou ingreso de acordo coas indicacións recibidas.	- Échese o correspondente talón nas súas diferentes modalidades (ó portador, nominativo, cruzado...), segundo a orde de pagamento recibida. - Échese correctamente calquera outro documento de pagamento. - Entrégase, ben persoalmente ou ben por algún outro sistema, o recibo de ter efectuado o ingreso ou pagamento. - Compróbase o correspondente medio de ingreso (talón, transferencia...) coa factura ou outro documento da empresa que fundamente aquel. - Os cálculos realízanse correctamente. - Actúase conforme ós procedementos de seguridade e confidencialidade establecidos.

- 4.2. Efectua-las operacións de xestión externa relativas á presentación de documentos de ingresos e pagamentos ante bancos, administracións públicas e empresas en xeral, tendo en conta a normativa vixente e o procedemento interno.
- Entrégase no banco, caixa de aforros ou similar institución financeira, a documentación, recollendo os xustificantes pertinentes.
 - Entrégase na oficina competente da Administración Pública a documentación pertinente.
 - Arquívanse ou transmítense os xustificantes á unidade correspondente.
 - A documentación é completa e cumpre os requisitos esixidos.
- 4.3. Realizar oportuna e correctamente pagamentos e ingresos a través da caixa, atendendo ás ordes de pagamento e ingreso, vencementos, dispoñibilidade de efectivo, prioridades e normas internas.
- Efectúase a apertura da caixa repoñendo o efectivo.
 - Recíbese de conformidade o importe do documento correspondente de ingreso.
 - Entrégase de conformidade o importe do documento correspondente do documento de pagamento.
- 4.4. Efectua-lo arqueo diario da caixa resolvendo as incidencias normais canto a prazos e procedementos.
- Realízase, unha vez pechada a caixa, un reconto do diñeiro en efectivo, cheques e outros documentos de crédito e cotéxase co apuntamento no libro de caixa.
 - Corríxense as anomalías (documentais, cálculos...) que se detecten.
 - Comunícanse ás unidades correspondentes as operacións e arqueo diarios.

- 4.5. Reflecti-los asentos contables correspondentes ás operacións comerciais, financeiras ou doutro ámbito que se producen diariamente no libro diario ou soporte informático, aplicando o Plan Xeral Contable.
- 4.6. Comprobar periodicamente (quinenal, mensual ou trimestral) o saldo de cada unha das contas mediante a realización do balance de comprobación, en soporte convencional ou informático.
- 4.7. Obte-lo beneficio ou a perda que se produce nun momento determinado mediante a conta de resultados, atendendo ás normas establecidas e ó regulamento do Plan Xeral Contable.
- Utilízanse os criterios de cargo e abono establecidos segundo regulamento do PXC.
 - Introdúcense os asentos contables no "software" específico, aplicando as instrucións de uso e a normativa vixente.
 - A contía do saldo do balance é comprobada co sumatorio de cada conta no diario.
 - O importe dos saldos do debe e haber coinciden.
 - Corríxense os desaxustes detectados en soporte convencional ou informático.
 - O balance solicitado é presentado en soporte convencional ou informático, no prazo establecido.
 - Os cálculos son realizados correctamente.
 - Regularízase de acordo co regulamento do Plan Xeral Contable.
 - O resultado de beneficio ou perda preséntase atendendo ó momento solicitado.
 - Séguense os procedementos de seguridade e confidencialidade establecidos pola empresa.
 - Calquera anomalía é identificada, resolta ou transmitida ó superior inmediato.

DOMINIO PROFESIONAL

- ! **Información (natureza, tipo e soportes):** Condicións de compra/venda. Procedementos e trámites de xestión externa. Regulamento do Plan Xeral Contable. Manuais de software específico. Fluxograma da documentación entre os diferentes departamentos da empresa.
- ! **Medios para o tratamento da información:** Calculadora, máquinas de escribir manuais, eléctricas, electrónicas. "Software" específico contable, "software" de bases de datos de clientes, provedores, outros. Libros oficiais e auxiliares. Formularios e impresos de institucións bancarias. Organismos oficiais. Formularios e impresos de uso habitual na empresa: letras de cambio, facturas, recibos, notas de cargo e aboamento. Talóns ou cheques.
- ! **Procesos, métodos e procedementos:** Métodos de cálculo mercantil, procedementos de rexistros contables nos libros oficiais e/ou "software" específico. Procedementos de elaboración, clasificación, rexistro e arquivo da documentación relativa a operacións de ingresos, cobros e pagamentos por caixa e/ou bancos.
- ! **Principais resultados do traballo:** Puntualidade nos ingresos e pagamentos tanto a nivel externo coma por caixa. Documentación das operacións de ingresos e pagamentos efectuados na empresa. Asentos, balances, maiores.
- ! **Persoas e/ou organizacións destinatarias do servizo:** Xefes de tesourería e contabilidade, empregados de banca, funcionarios públicos, administrativos doutras empresas, clientes, acredores, debedores, provedores.

2.5. Realizacións e dominios profesionais (continuación)

Unidade de Competencia 5: **INFORMAR E ATENDER Ó CLIENTE SOBRE PRODUCTOS E/OU SERVICIOS FINANCEIROS E DE SEGUROS**

REALIZACIÓNS	CRITERIOS DE REALIZACIÓN
5.1. Prepara-la infraestrutura material necesaria para lograr unha axeitada atención ó cliente.	- Realízase a revisión e control do material posto á disposición do público. - Reclámase dos servicios correspondentes a subministración daqueles materiais dos que se detecte carencia. - Conéctanse os diferentes ordenadores á rede. - Nas oficinas bancarias, aténdese o caixeiro automático e efectúase a recollida do diñeiro da caixa nocturna.
5.2. Facilita-la información e asesoramento solicitado polos clientes sobre produtos e servicios ó seu cargo, atendendo ós procedementos internos.	- Infórmase do produto ou servicio máis conveniente ás necesidades do cliente. - Canalízanse ó superior xerárquico ou a quen corresponda aquelas solicitudes de información que exceden os límites da súa competencia. - Facilítase a xestión do cliente, cubrindo as súas solicitudes, de xeito rápido e amable. - Os cálculos son efectuados correctamente. - Accédese á información necesaria das fontes dispoñibles.

- | | |
|---|---|
| <p>5.3. Efectuar labores comerciais encamiñados á captación e mantemento de clientes nas condicións establecidas pola entidade.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Os clientes son atendidos de forma que se promovan as relacións futuras. - Efectúase un rexistro con datos e informacións sobre os clientes. - Envíase correspondencia de tipo comercial ós clientes actuais e potenciais. - Detéctanse oportunidades de negocio durante a realización do traballo diario. - Realízase un informe para o superior detallando actividades e suxestións. |
| <p>5.4. Cubrir e tramita-la documentación correspondente ás operacións sobre produtos e/ou servizos financeiros e de seguros, segundo os criterios e normas fixadas pola dirección.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Recíbese a documentación dos interesados, solicitando ou completando tódolos datos necesarios. - Analízase a documentación e remítese á persoa competente. - Efectúase un informe para o superior xerárquico, detallando tódalas operacións das que se levou a cabo a súa recepción. - Solicítase información complementaria, por petición do departamento correspondente. - A documentación remitida ó cliente é completa, exacta e reflicte claramente a situación e estado dos parámetros oportunos. |

DOMINIO PROFESIONAL

! Información (natureza, tipo e soportes): Plans de comercialización sobre produtos e/ou servizos vixentes. Promoción de novos produtos ou ofertas dos existentes. Folletos publicitarios. Estructura orgánica e funcional da entidade ou organismo. Normas internas de organización e información. Ficheiros de clientes. Información mecanizada por ordenador ou en rede.

- ! **Medios para o tratamento da información:** Equipos informáticos e de oficina. Aplicacións informáticas de xestión financeira e de seguros, bases de datos de clientes e consulta de información, tratamento de texto, teléfono, fax, impresora, archivadores, disquetes, material de oficina, impresos, máquinas de escribir eléctricas e/ou electrónicas.
- ! **Principais resultados do traballo:** Productos e/ou servicios financeiros: préstamos persoais ou hipotecarios. Fondos de investimento. Plans de pensións e/ou xubilación. Transferencias. Domiciliacións bancarias. Operacións de caixa, cambios de moeda estranxeira, cheques de viaxes. Seguros contratados: vida, propiedade, viaxe. Aperturas de contas correntes e aforro. Actualización de saldos dos produtos e/ou servicios dos clientes. Arqueo de caixa. Elaboración, tramitación, arquivo e clasificación correctos de documentos. Os soportes materiais da actividade atópanse en perfecto estado de funcionamento e uso.
- ! **Procesos, métodos e procedementos:** Procedementos internos de actuación e información a clientes. Procedementos de organización, xestión, formalización e tramitación da documentación e información xerada.
- ! **Persoas e/ou organizacións destinatarias do servicio:** Persoal de entidades financeiras e de seguros, pertencentes á mesma ou outras unidades. Servicios centrais. Outras entidades do sector. Clientes.

2.5. Realizacións e dominios profesionais (continuación)

Unidade de Competencia 6: **REALIZAR XESTIÓN ADMINISTRATIVAS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

REALIZACIÓN	CRITERIOS DE REALIZACIÓN
6.1. Efectua-los labores de atención ó público e de información de carácter xeral nas dependencias administrativas de forma correcta e áxil.	- As persoas que acceden ó interior das dependencias son identificadas. - Efectúanse os controis de entrada establecidos. - Oriéntase o visitante cara á unidade competente para resolve-los seus problemas. - Infórmase de forma amable, dilixente e cortés con rapidez e prontitude.
6.2. Cumprimentar documentación nos distintos modelos oficiais existentes nos órganos administrativos, de acordo coas instrucións recibidas.	- Disponse dos documentos en modelo oficial necesarios para efectua-la súa actividade. - Selecciónase entre os anteriores o correcto para cada caso. - O documento é formalizado correctamente canto á forma e ó fondo. - Consúltanse as dúbidas existentes ó superior xerárquico. - Déixase constancia, no seu caso, ben para o particular ou ben para o rexistro da organización, dos documentos ou impresos formalizados.

6.3. Recibi-las solicitudes e instancias dos administrados, procedendo ó seu rexistro e comprobación, dándolles o curso establecido nas normas internas e de procedemento.

- Compróbase que a instancia ou solicitude vai dirixida ó departamento receptor.
- Compróbase se a solicitude ou instancia reúne os requisitos mínimos legais.
- Compróbase se coa instancia se acompañan os documentos citados nela.
- Procédese a sela-la copia para o interesado.
- Remítese a instancia ó órgano competente.
- Consúltanse co superior as dúbidas ou incidencias que xurdan dos supostos anteriores.

6.4. Recibir ingresos e efectuar pagamentos por caixa, realizando na forma establecida a súa contabilización.

- Compróbanse os datos mínimos legais necesarios no documento de ingreso.
- Compróbase que as operacións aritméticas realizadas son correctas.
- Recíbese e compróbase o metálico ou documento de pagamento.
- Entrégase copia ou xustificante de ingreso.
- Efectúase a identificación do titular do reintegro pretendido.
- Recupérase o expediente e compróbanse os seus datos.
- Reclámase o xustificante ou recibín de pagamento.
- Contabilízanse unha a unha as operacións efectuadas de ingreso e pagamento.
- Efectúase o arqueo de caixa diariamente.

6.5. Preparar e repoñe-los elementos materiais necesarios para o funcionamento da unidade administrativa correspondente, elevando á superioridade as incidencias detectadas.

- Efectúanse as operacións para a posta en funcionamento diariamente da unidade administrativa propia.
- Compróbase que a unidade dispón dos medios materiais de oficina suficientes para o seu normal funcionamento.
- Pídese á unidade interna de aprovisionamento o material necesario ou aquel do que se comprobe a súa carencia.
- Tramítanse as peticións expresas dos superiores canto a medios específicos que poidan necesitarse.

DOMINIO PROFESIONAL

- ! **Información (natureza, tipo e soportes):** Organigrama do organismo público. Competencia básica das unidades. Relación de persoal. Modelos e impresos oficiais. Normas internas de funcionamento da institución e/ou organismo.
- ! **Medios para o tratamento da información:** Máquinas de escribir eléctricas-electrónicas, material de oficina, teléfono, fax, equipos informáticos, aplicacións informáticas de tratamento de textos, bases de datos e folla de cálculo, archivadores, disquetes,...
- ! **Principais resultados do traballo:** Información de carácter xeral ó público. Documentos ou impresos oficiais formalizados. Solicitudes, instancias e outros documentos oficiais verificados, rexistrados ou tramitados. Impresos e pagamentos efectuados por caixa e contabilizados.
- ! **Procesos, métodos e procedementos:** Técnicas de atención ó público. Procedemento administrativo público de clasificación, rexistro e arquivo de impresos e/ou documentos.
- ! **Persoas e/ou organizacións destinatarias do servizo:** Superiores xerárquicos. Compañeiros do mesmo nivel. Público en xeral.

2.6. EVOLUCIÓN DA COMPETENCIA PROFESIONAL

2.6.1. Cambios nos factores tecnolóxicos, organizativos e económicos

Os avances tecnolóxicos para o almacenamento, procesamento e tratamento da información supoñen a utilización xeneralizada de aplicacións informáticas de propósito xeral e específico, ou aumento da utilización de redes de área local, o uso do correo electrónico dentro da mesma empresa e entre distintas organizacións e a utilización do servizo de fax, soportado nos ordenadores persoais.

A creación do mercado único europeo, a informatización da xestión empresarial e os novos sistemas de comunicación nas empresas provocan cambios cualitativos na súa estrutura organizativa e funcional, substituíndose a típica estrutura vertical, por outra máis horizontal, con perfís profesionais máis polivalentes e multidisciplinares.

No sector financeiro e de seguros, as fusións, absorcións e adquisicións de empresas é a tendencia a curto prazo para ter unha maior competitividade no mercado europeo, así como a diversificación en produtos para posicionarse en novos segmentos de mercado ou en mercados tradicionais co obxectivo de ofrecer un servizo de produtos amplo para captar e manter coa súa calidade de servizo a clientes potenciais.

A necesidade de reducir custos obriga as empresas á subcontratación de certos servizos.

2.6.2. Cambios nas actividades profesionais

Hai unha necesidade imperante de dispor de perfís polivalentes e multidisciplinares en detrimento dos especialistas, aínda que tamén será importante dispor de coñecementos sobre técnicas específicas.

A utilización xeneralizada en tódalas empresas de aplicacións informáticas permite unha xestión máis eficaz e unha dispoñibilidade de tempo no traballo administrativo, derivando a realizar funcións comerciais e de marketing, así como un servizo máis personalizado de atención ó cliente.

2.6.3. Cambios na formación

O coñecemento da informática, a nivel de usuario, preséntase como requisito indispensable para a realización de calquera tipo de traballo no ámbito de administración e xestión.

Así mesmo, a importancia cada vez maior da función de atención e trato personalizado ó cliente xustifica a formación introducida sobre comunicación.

2.7. POSICIÓN NO PROCESO PRODUCTIVO

2.7.1. Contorno profesional e de traballo

Esta figura exercerá a súa actividade en calquera empresa, independentemente do sector económico ó que pertenza, e especificamente no sector financeiro e na Administración Pública.

No sector financeiro, os principais subsectores nos que poida desenvolve-la súa actividade son:

- Bancos privados e públicos.
- Caixas de aforros.
- Corporacións e institucións de crédito e financiamento.
- Seguros.
- Outros servicios financeiros prestados ás empresas.

Na Administración Pública:

- Central
- Local
- Autonómica

En calquera empresa de ámbito público e privado que realice a súa actividade en calquera dos tres sectores económicos, dentro da función de administración e xestión.

O técnico en xestión administrativa realizará o seu traballo en equipo, actuando baixo instrucións e realizando tarefas de maior ou menor polivalencia e responsabilidade en función do tamaño e actividade da empresa.

2.7.2. Contorno funcional e tecnolóxico

Esta figura profesional sitúase nas funcións/subfuncións de administración e finanzas, persoal e recursos humanos, comercialización e aprovisionamento.

As técnicas e coñecementos tecnolóxicos que se encontran ligados ás funcións/subfuncións anteriores de carácter común son:

- Tratamento, almacenamento, comunicación e distribución da información: xestión de documentación e arquivo en soporte convencional e informático.
- Xestión administrativa con clientes, provedores, organismos públicos, persoal, outras entidades.
- Procesos de xestión administrativa pública.

2.7.3. Ocupacións, postos de traballo tipo máis relevantes:

Con fins de orientación profesional enuméranse a continuación un conxunto de ocupacións ou postos de traballo tipo que poderían ser desempeñados adquirindo a competencia profesional definida no perfil do título.

Auxiliar administrativo, axudante de oficina, auxiliar de documentación e arquivo, xestor de cobros e pagos, caixeiro, administrativo de banca e institucións financeiras, empregado de tesourería, empregado de medios de pagamento, empregado de carteira, empregado de valores, empregado de "estranxeiro", auxiliar administrativo da Administración pública, empregado de seguros de produción, sinistros e reaseguros, administrativo comercial, administrativo de xestión e de persoal.

3. CURRICULUM

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO FORMATIVO

- ! Identifica-la natureza, funcións e principais características da empresa segundo tamaño, actividade económica e forma xurídica.
- ! Analizar-lo funcionamento global de empresas, tanto no ámbito público como privado, a partir da función específica de cada unha das súas áreas de actividade, as súas relacións internas e da súa dependencia externa.
- ! Obter, seleccionar e interpretar información e tratala de maneira autónoma, utilizando os medios axeitados a cada situación particular.
- ! Analiza-los datos esenciais da correspondencia atendendo á procedencia, destinatario, medios, urxencia, confidencialidade e documento.
- ! Realiza-las operacións de cálculo mercantil necesarias para confeccionar, formalizar e rexistra-la información procedente da xestión administrativa comercial, bancaria, de persoal o doutro tipo.
- ! Utilizar con axilidade e destreza máquinas eléctricas-electrónicas e ordenadores na elaboración, copia e formalización de documentación.
- ! Transmitir e comunicar información de forma organizada, clara e precisa, seleccionando o formato ou documento e equipo de oficina ou informático máis axeitado en función do contido, o receptor, o idioma, empresa ou organismo público ou privado.
- ! Identifica-la composición básica dun sistema informático monousuario tipo PC, as funcións e características básicas dun sistema operativo monousuario e de aplicacións informáticas de xestión a nivel de usuario.
- ! Seleccionar, recuperar, transformar, analizar, transmitir, crear e presentar información manexando con axilidade e destreza medios e equipos informáticos e de oficina.
- ! Aplicar procedementos de seguridade, protección, confidencialidade e conservación da documentación e información nos medios e equipos de oficina e informáticos máis comúns para garanti-la integridade, o uso, acceso e consulta deles.
- ! Valora-la incidencia das novas tecnoloxías de comunicación e transmisión de información nos procesos administrativos e de xestión na empresa.

- ! Desenvolve-la iniciativa, o sentido da responsabilidade, a identidade e a madurez profesional que permitan mellora-la calidade do traballo e motivar para o perfeccionamento profesional.
- ! Valora-la importancia da comunicación profesional, así como as normas e procedementos de organización nas relacións laborais tanto de carácter formal como informal, e a súa repercusión na actividade e imaxe da empresa ou organismo.
- ! Identificar e utilizar fontes de información e formación relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción laboral na xestión administrativa de calquera empresa no ámbito público e privado, e a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias ós cambios tecnolóxicos e organizativos que se producirán ó longo da súa vida activa.
- ! Interpreta-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a xestión administrativa na empresa ou organismo, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais.
- ! Sensibilizarse sobre as condicións ambientais e de saúde de que deben dispoñer nunha oficina ou despacho e os diferentes equipos e sistemas
- ! Responsabilizarse do manexo e conservación do material ofimático.

3.2. MÓDULOS PROFESIONAIS ASOCIADOS A UNHA UNIDADE DE COMPETENCIA

Módulo profesional 1: COMUNICACIÓN, ARQUIVO DA INFORMACIÓN E OPERATORIA DE TECLADOS

Asociado á Unidade de competencia 1: REXISTRAR, PROCESAR E TRANSMITIR INFORMACIÓN

CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS

1. Interpreta-las diversas estruturas funcionais e organizativas da empresa.
2. Relaciona-los diferentes canles e medios de comunicación internos e externos coas diferentes estruturas empresariais.
3. Aplica-los sistemas de recepción e transmisión interna e externa da información nos diferentes tipos de empresas.
4. Recoñece-los sistemas de rexistro da información.
5. Utiliza-lo sistema de arquivo da información en función da súa natureza.
6. Realizar, manipulando con destreza os medios e equipos propios da oficina, operacións de recepción, transmisión e elaboración de correspondencia.
7. Relaciona-las funcións de cada un dos equipos ofimáticos utilizables na recepción, transmisión e elaboración de correspondencia coas necesidades específicas que se presentan.
8. Seleccionar, separando para a súa apropiada distribución, a información e a documentación de carácter confidencial daquelas que se poden dar a coñecer.
9. Selecciona-la información e documentación, separando a que deberá ser conservada por norma lexislativa ou norma interna daquela que pode ser destruída.
10. Utilizar criterios adecuados para o acceso, conservación, confidencialidade e seguridade da información e da documentación .
11. Selecciona-los equipos de oficina que mellor salvagarden os documentos e a información.

CONTIDOS BÁSICOS (Duración 160 horas)

PROCEDIMENTAIS

! A empresa

- . Reconstrucción do concepto de empresa.
- . Confección dun cadro cos diferentes tipos de empresa.

! A organización da empresa

- . Debate sobre a necesidade de organización nas empresas.
- . Creación de organigramas de empresas tipo.
- . Descrición das actividades e operacións que realizará a empresa para a súa adaptación ó marco legal e para a consecución dos seus propios intereses.
- . Adaptación das distintas actividades e operacións ás diferentes áreas funcionais en base a súa homoxeneidade ou finalidade.
- . Elección de departamentos tipo en base as áreas funcionais.
- . Coordinación interdepartamental
- . Localización de empresas para a súa visita.

! A información e o seu tratamento

- . Demostración da necesidade de conserva-la información documental:
 - . Interese empresarial.
- . Representación gráfica das fases no tratamento da información.
- . Simulación de envío e recepción de información.
- . Simulación de distribución de información.
- . Elección do sistema de clasificación de información.
- . Práctica de aplicación dos sistemas de clasificación.
- . Práctica da aplicación das normas de utilización nun arquivo real.
- . Creación dun arquivo.
- . Manipulación para a lectura e inscrición de datos en libros de rexistro.

! A comunicación

- . Reconstrucción do concepto de comunicación.
- . Realización de gravacións nun contestador automático.
- . Escenificacións de comunicacións orais: Solicitude de información, reclamacións, ...
- . Creación dun diccionario das abreviaturas comerciais e oficiais máis usadas.
- . Realización de tódalas técnicas de comunicación escrita nos idiomas oficiais da Comunidade.
- . Práctica de técnicas de comunicación escrita con Organismos Oficiais e Empresas.

! Operatoria de teclados

- . Realización de exercicios para a adquisición de axilidade e para desenvolvemento da velocidade: copia de textos, formalización de documentos ...

CONCEPTUAIS

! A empresa

- . Concepto de empresa
- . Elementos internos e externos que determinan o funcionamento dunha empresa.
- . Funcións
- . Obxectivos
- . Clases:
 - . Pola forma xurídica
 - . Pola lexislación que as rexe
 - . Pola procedencia dos seus recursos
 - . Pola súa actividade fundamental
 - . Pola súa dimensión

! A organización da empresa

- . Organización da empresa.
- . Principios de organización xerárquica e funcional.

- . Organigramas
- . Áreas funcionais
- . Departamentos: a súa estruturación

! A información e o seu tratamento

- . A información: Concepto
- . Clases de información:
 - . Documental
 - . Non documental
 - . Confidencial
 - . Non confidencial
- . Necesidade de conserva-la información documental:
 - . Normativa legal.
- . Clasificación da información: concepto e sistemas (alfabético, numérico, xeográfico, cronolóxico ...).
- . O arquivo da información: concepto, finalidade.
- . Clases de arquivos:
 - . Individuais
 - . De sección
 - . De departamento
 - . Definitivo.
- . Métodos de arquivo:
 - . Manual
 - . Mecanizado
- . Actualización do arquivo.
- . Libros de rexistro.

! A comunicación

- . A comunicación: Concepto.
- . Clases de comunicación:
 - . Oral e escrita
 - . Interna
 - . Externa
 - . Confidencial

- . Non confidencial
- . Comunicación oral:
 - . Normas de comunicación e expresión.
 - . Tratamentos
 - . Protocolo
- . Medios de comunicación oral:
 - . O teléfono
 - . O interfono
 - . O magnetófono
 - . O dictáfono
 - . O buscapersoas
 - . O Contestador automático
- . Formatos de impresos e documentos. Normalización
- . Comunicación escrita:
 - . Normas de comunicación e expresión.
- . Técnicas de comunicación escrita:
 - . A carta comercial
 - . A carta circular
 - . Saúda
 - . Comunicaci3ns internas
 - . Certificado
 - . Oficio
 - . Instancia
- . Medios e equipos de comunicaci3n, elaboraci3n e transmisi3n de informaci3n e documentaci3n escrita:
 - . Máquinas de escribir
 - . Ordenador
 - . Fax
 - . Telefax
 - . Módem
 - . Correo electrónico.

! Operatoria de teclados

- . O ordenador e as máquinas electrónicas: Concepto, utilidade, diferencias.
- . Tipos de Teclado:
 - . Teclado estándar e teclado estendido.
 - . Teclas de Funci3n, de axuda, de movementos do cursor e numéricas

ACTITUDINAIS

! A empresa

- . Respecto nas quendas de participación nas conversas.
- . Preocupación por dar opinións.
- . Respecto a tódalas opinións.

! A Organización da empresa

- . Respecto polas opinións alleas no debate.
- . Valoración das condutas que implica a organización da empresa: solidariedade, obediencia, cooperación, traballo en equipo...
- . Aceptación das normas establecidas.

! A información e o seu tratamento

- . Valoración da importancia da conservación e confidencialidade da información.
- . Conciencia da importancia na elección dun bo sistema de clasificación e arquivo.
- . Responsabilidade na organización, mantemento, e actualización do arquivo.

! A comunicación

- . Preocupación polo cumprimento das normas de expresión e comunicación.
- . Predisposición para realiza-los procedementos das comunicacións orais.
- . Predisposición para efectualas correccións precisas.
- . Conciencia da importancia da confidencialidade nalgúñas comunicacións orais e escritas.
- . Respecto ás dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

! Operatoria de teclados

- . Hábito de postura adecuada.
- . Valoración da pulcritude nos traballos
- . Responsabilidade no manexo e conservación do material ofimático.

Módulo profesional 2: XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE COMPRAVENDA

Asociado á Unidade de Competencia 2: REALIZA-LAS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS DE COMPRA E VENDA DE PRODUCTOS E/OU SERVICIOS

CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS

1. Confeccionar tipos de correspondencia relacionada directamente coa compra-venda.
2. Selecciona-los tipos de correspondencia máis axeitada para cada unha das fases da compra-venda.
3. Cubri-los impresos básicos dunha operación de compra-venda.
4. Analiza-la normativa legal vixente.
5. Manexar documentos de compra-venda interpretando o seu contido.
6. Analiza-los tipos de existencias habituais nas empresas de transformación, comerciais e de servicios.
7. Relacionar procesos administrativos coas operacións de recepción, almacenamento, distribución interna e expedición de existencias.
8. Aplicar diferentes métodos de valoración de existencias.
9. Manexar as especificacións establecidas para a instalación de programas informáticos de xestión de almacén e facturación.
10. Identificar actividades de posible realización con este tipo de aplicacións.
11. Realiza-lo control de "stocks" e o proceso de facturación utilizando unha aplicación informática

CONTIDOS BÁSICOS (Duración 95 horas)

PROCEDEMENTAIS

! Fases do proceso de compravenda

- . Construcción dun esquema que comprenda tódalas operacións de compravenda.
- . Localización dentro do esquema da compravenda das operacións de aprovisionamento.
- . Localización dentro do esquema da compravenda das operacións propias de comercialización.
- . Localización dentro do esquema da compravenda das operacións propias da posvenda.

! Aprovisionamento

- . Realización de escritos de solicitude de información sobre mercadorías.
- . Análise e selección das ofertas recibidas de provedores.
- . Formulación de pedidos: cartas, notas e propostas.
- . Simulación dunha recepción de pedido: albará, factura, comprobación co pedido.
- . Formalización de impresos de pago: cheque, domiciliación, transferencias, tarxetas ...
- . Formalización de impresos de control de existencias.
- . Formalización de fichas de almacén.
- . Valoración de existencias: Métodos FIFO, LIFO, PMP.

! Comercialización

- . Manexo de listas de prezos e de catálogos.
- . Elaboración de correspondencia de venda cos posibles clientes.
- . Formalización de albarás, facturas, notas de aboamento, notas de cargo, cartas de porte coñecemento de embarque ...
- . Aplicación de descontos, de intereses por pagamento aprazado.

- . Formalización de impresos para o cobro: letras, obrigas de pagamento, domiciliación.

! Soporte documental

- . Creación dun arquivo de documentos de compravenda.
- . Cumprimentación dos libros de rexistro relacionados coa compravenda.

! Aplicacións informáticas

- . Instalación e manexo de aplicacións informáticas de facturación e de xestión e control de almacén.
- . Interrelación con outras aplicacións.

CONCEPTUAIS

! Fases do proceso de compravenda

- . Aprovisionamento.
- . Comercialización.
- . Operacións e servicios posvenda.

! Aprovisionamento

- . Fases do proceso de compras:
 - . Pedidos
 - . Formas de facer un pedido.
 - . Contrato de compravenda
 - . Recepción do pedido.
 - . Formas de pagamento: pagamento ó contado e aprazado
- . Control e xestión de existencias
 - . Concepto de existencias.
 - . Clases de existencias: comerciais, materias primas, outros aprovisionamentos, produtos en curso, produtos acabados.
 - . Normas de valoración de existencias
 - . "Stock": máximo, óptimo e mínimo

! Comercialización

- . Fases do proceso de vendas:
 - . Actividades prevenda.
 - . Métodos de fixación de prezos.
 - . Marxe de beneficios.
 - . Métodos de distribución.

- . Métodos de cobro: ó contado, aprazado

! Soporte documental

- . Soporte informático.
- . Libros de rexistro obrigatorios e voluntarios, principais e auxiliares

ACTITUDINAIS

! Fases do proceso de compravenda

- . Participación nos debates de inicio deste bloque para a determinación e asignación das operacións.
- . Solidariedade cos compañeiros naquelas tarefas que fagan en equipo neste módulo.

! Aprovevisionamento

- . Curiosidade por todo o relacionado co aprovisionamento.
- . Constancia na execución dos exercicios.
- . Rigor no cálculo.

! Comercialización

- . Rigor no cálculo.
- . Respecto polas normas legais para a elaboración de facturas e aplicación de impostos.
- . Valoración de pulcritude nos traballos.

! Soporte documental

- . Preocupación pola actualización e seguridade dos arquivos e rexistros.

! Aplicacións informáticas

- . Responsabilidade no manexo e conservación do material ofimático.

Módulo profesional 3 : XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE PERSOAL

Módulo asociado á Unidade de Competencia 3: REALIZA-LAS XESTIÓN ADMINISTRATIVAS DE PERSOAL

CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS

1. Analiza-las funcións do departamento de persoal e a súa relación cos Organismos Públicos que interveñen na regulación das relacións laborais.
2. Compara-las distintas modalidades de contratación, elaborando a documentación inherente a todo o proceso, aplicando a lexislación vixente.
3. Interpreta-los conceptos salariais, elaborando a documentación xerada nas diferentes fases do proceso retributivo, segundo a lexislación vixente.
4. Aplica-la normativa laboral básica ás relacións laborais entre empresas e traballadores.
5. Utilizar canles de comunicación que garantan a información e a confidencialidade.
6. Confeccionar, conservar e actualizar expedientes de persoal utilizando a tecnoloxía dispoñible.
7. Utilizar aplicacións informáticas de xestión de persoal, nóminas e seguros sociais.
8. Valora-la importancia da comunicación profesional e das relacións humanas, tanto de carácter formal coma informal, e a súa repercusión na actividade e imaxe da empresa ou organismo.

CONTIDOS BÁSICOS (Duración 95 horas)

PROCEDEMENTAIS

! Introducción á administración de persoal:

- Análise de organigramas de diversas empresas.
- Determinación dos diferentes organismos laborais que interveñen nas distintas fases do proceso de administración de persoal.
- Interpretación de esquemas organizativos do departamento de persoal.

! Introducción ó dereito do traballo:

- Identificación das fontes do dereito do traballo.
- Análise dos preceptos básicos das normas laborais.
- Obtención de esquemas que reflicten os contidos da lexislación laboral básica.
- Ordenación da normativa laboral de forma xerárquica.

! Relacións laborais e representación dos traballadores:

- Debate sobre dereitos e deberes de traballadores e empresarios.
- Análises comparativa de diversos convenios colectivos.
- Resolución de casos prácticos, aplicando a normativa laboral referente ó tempo de traballo.
- Cálculo do número de representantes dos traballadores en diversos tipos de empresas.
- Análises de diversos tipos de conflitos de traballo.
- Identificación dos dereitos e obrigas en materia de saúde laboral e dos servicios de prevención.

! O contrato de traballo:

- Debate sobre o mercado laboral.
- Elaboración de cadros comparativos das características dos diferentes tipos de contratos de traballo.

- Identificación da documentación necesaria para realiza-lo proceso de contratación.
- Formalización da documentación utilizada no proceso de contratación laboral.
- Realización, sobre unha empresa simulada, do proceso de oferta de emprego, selección de persoal e formalización do contrato axeitado.

! O Sistema da Seguridade Social:

- Debate sobre o Sistema da Seguridade Social en España.
- Análise da Lei Xeral da Seguridade Social.
- Descrición dos fins da Seguridade Social.
- Identificación da documentación utilizada nas relacións cós Organismos da Seguridade Social.
- Formalización da documentación utilizada nas relacións cós Organismos da Seguridade Social.

! A retribución laboral:

- Análises dos conceptos salariais contidos en diversos convenios colectivos.
- Realización do cálculo de salarios brutos.
- Realización do cálculo de cotizacións dos traballadores á Seguridade Social e retencións do IRPF.
- Formalización de recibos salariais.

! Cotizacións a la Seguridade Social:

- Determinación das bases de cotización para as distintas continxencias.
- Realización do cálculo de cotizacións á Seguridade Social.
- Formalización dos documentos de cotización.

! Aplicacións informáticas de nóminas e seguros sociais:

- Realización do proceso de instalación e configuración de diversas aplicacións dispoñibles.
- Análise das prestacións de diferentes aplicacións informáticas de xestión de persoal.

- Identificación do proceso de traballo común a tódalas aplicacións analizadas.
- Realización de nóminas e liquidacións de seguros sociais utilizando unha das aplicacións analizadas.

CONCEPTUAIS

! Introducción á administración de persoal:

- O departamento de persoal no organigrama da empresa.
- Funcións e tarefas do departamento de persoal.
- Organismos laborais e as súas funcións.

! Introducción ó dereito do traballo:

- O dereito laboral.
- Fontes de dereito do traballo.
- Lexislación laboral básica:
 - * O Estatuto dos Traballadores.
 - * Lei Xeral da Seguridade Social.
 - * Lei de procedemento Laboral.
 - * Lei de prevención de riscos Laborais.

! Relacións laborais e representación dos traballadores:

- Dereitos e deberes básicos do empresario e dos traballadores.
- Tempo de traballo:
 - * Xornada/horario/horas extraordinarias/traballo nocturno/quendas.
 - * Calendario laboral/descansos semanais/festas e permisos/vacacións anuais.
- Representación dos traballadores na empresa.
- Representación empresarial.
- Os convenios colectivos:
 - * Ámbito/contido/duración.
- Os conflitos de traballo.
- A saúde laboral na empresa.

! O contrato de traballo:

- Concepto e natureza do contrato de traballo.
- Elementos esenciais e persoais do contrato de traballo.
- Capacidade para contratar.
- Forma do contrato de traballo.
- Modalidades de contratación.
- Tipos de contratos e as súas características.
- O proceso de contratación laboral.
- Documentación que xera o proceso de contratación.
- Suspensión e extinción do contrato de traballo.

! O Sistema da Seguridade Social:

- Seguridade Social: fins e campo de aplicación.
- Réximes da Seguridade Social.
- Entidades Xestoras e Colaboradoras.
- Obrigas do empresario no réxime xeral.
- Documentación que xera o proceso de inscrición e afiliación (inscrición da empresa, afiliación dos traballadores, altas, baixas, libros de matrícula.)
- Principais prestacións da Seguridade Social.

! A retribución laboral:

- O salario.
- Formas salariais e requisitos de pagamento.
- Composición do salario.
- A protección do salario.
- O recibo salarial:

- * Requisitos formais.
- * Remuneracións.
- * Determinación de bases de cotización.
- * Deduccións.
- * Retencións á conta de IRPF.

! Cotizacións á Seguridade Social:

- Continxencias protexidas.
- Bases de cotización.
- Tipos de cotización.
- Documentos de cotización.

! Aplicacións informáticas de nóminas e seguros sociais:

- Instalación da aplicación.
- Prestacións, funcións e procedementos.
- Rutinas de mantemento e consulta de arquivos.
- Procedementos de seguridade e control do proceso.
- Aplicacións prácticas:
 - * Introducción dos datos dos traballadores.
 - * Control de traballadores.
 - * Liquidación de haberes.
 - * Liquidación de seguros sociais.
 - * I.R.P.F.
 - * Certificacións.

ACTITUDINAIS

! Introducción á administración de persoal:

- Colaboración na realización de tarefas.
- Reflexión sobre a importancia do departamento de persoal.

! Introducción ó dereito do traballo:

- Valoración da lexislación laboral como garantía de dereitos sociais.

! Relacións laborais e representación dos traballadores:

- Respecto polos dereitos alleos.
- Aceptación das obrigas propias.
- Valoración do diálogo para a solución de conflitos.
- Respecto polas normas de seguridade.
- Cumprimento do horario coa puntualidade necesaria.

! O contrato de traballo:

- Valoración da pulcritude na formalización da documentación.
- Valoración do contrato de traballo como regulador de relacións laborais
- Sensibilización coa discriminación laboral.

! O Sistema da Seguridade Social:

- Valoración do Sistema da Seguridade Social como un sistema solidario.
- Valoración da pulcritude na formalización da documentación.
- Valoración da responsabilidade no cumprimento dos requisitos formais.

! A retribución laboral:

- Valoración do salario como medio de retribución do traballo.
- Responsabilidade e pulcritude na formalización da documentación.

! Cotizacións á Seguridade Social:

- Valoración das cotizacións á Seguridade Social como aportacións para a solidariedade.

! Aplicacións informáticas de nóminas e seguros sociais:

- Valoración da informática como instrumento eficaz na xestión de persoal.
- Responsabilidade no manexo e conservación do material ofimático.

Módulo profesional 4: CONTABILIDADE XERAL E TESOURERÍA

Asociado á Unidade de competencia 4: REALIZA-LAS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS DE TESOURERÍA E OS REXISTROS CONTABLES

CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS

1. Representa-lo patrimonio empresarial, utilizando a normativa contable.
2. Precisa-lo significado e a función dos elementos patrimoniais no desenvolvemento da actividade empresarial.
3. Valora-la necesidade dunha normalización contable xeral e dunha planificación particular.
4. Interpreta-lo contido básico do Plan Xeral de Contabilidade e a súa función normalizadora.
5. Interpreta-la lexislación mercantil e fiscal que regula a documentación contable.
6. Rexistra-la información contable correspondente a un exercicio económico, realizando o proceso contable, segundo a metodoloxía e criterios do Plan Xeral de Contabilidade.
7. Extraer dos libros de contabilidade información que permita coñecer, en todo momento, a situación dos elementos patrimoniais e o desenvolvemento do exercicio económico.
8. Valora-la importancia dun bo procedemento de arquivo e conservación da documentación contable.
9. Analiza-las funcións do servizo de tesourería, controlando o seu estado e a previsión de fluxos.
10. Utilizar aplicacións informáticas na realización do proceso contable e na xestión de tesourería.

CONTIDOS BÁSICOS (Duración 125 horas)

PROCEDEMENTAIS

! O estudio económico da empresa e do seu patrimonio:

- Determinación da inversión básica da empresa en función da súa actividade.
- Determinación da forma de financiamento máis axeitada.

- Identificación e clasificación de elementos patrimoniais.
- Realización de representacións patrimoniais mediante inventarios e balances de situación agrupando os elementos en masas patrimoniais.
- Análise das variacións patrimoniais producidas por feitos contables básicos.
- Identificación dos obxectivos e fins da contabilidade.

! Metodoloxía contable:

- Apertura de contas representativas de elementos patrimoniais e rexistro de feitos contables sinxelos utilizando a partida dobre.
- Obtención e análise de saldos de contas.
- Realización de análise precontable aplicando as teorías de cargo e aboamento.
- Análise da normativa legal respecto dos libros contables.
- Análise de modelos de libros contables identificando os seus apartados.
- Realización de anotacións nos libros contables identificando a relación entre eles.

! A planificación contable:

- Análise mediante debate das vantaxes e desvantaxes que leva a utilización de distintas denominacións das contas por parte das empresas.
- Análise xenérica do contido do P.X.C.
- Utilización da nomenclatura e codificación das contas do P.X.C. nunha relación de elementos patrimoniais de uso frecuente.
- Elaboración do cadro de contas estruturado en grupos, subgrupos, contas e subcontas para unha pequena empresa tipo.

! Desenvolvemento do ciclo contable básico:

- Elaboración dun esquema resume do proceso contable, determinando os libros utilizados en cada fase (voluntarios e obrigatorios) e a súa función.
- Identificación dos libros obrigatorios segundo a normativa mercantil e fiscal.
- Realización dun suposto práctico, no que aplicando a metodoloxía contable e os criterios do P.X.C., se rexistre nos libros obrigatorios e voluntarios tódalas etapas do ciclo contable, interpretando axeitadamente a información contida na documentación mercantil proposta.

- Realización do proceso de legalización dos libros obrigatorios.
- Organización do sistema de arquivo e conservación da documentación contable.

! Estudio do Plan Xeral de Contabilidade:

- Descrición do tratamento contable que establece o P.X.C. para o inmovilizado, existencias, compras e vendas.
- Aplicación das normas de valoración para a inmovilizado e para as existencias.
- Realización de rexistros contables cos elementos de inmovilizado.
- Realización de cálculos de amortizacións e confección de cadros de amortización.
- Análises da función dos libros rexistro no control contable de compras, vendas e bens de investimento.
- Realización de rexistros contables de operacións de compras e vendas.
- Formalización de fichas de almacén utilizando a valoración PMP, FIFO e LIFO.
- Realización de rexistros contables de operacións de gastos e ingresos.
- Realización de liquidacións de IVE e cumprimentación dos modelos correspondentes.
- Realización de casos prácticos de contabilización de provisións, periodizacións e determinación do resultado do exercicio.
- Realización de casos prácticos de contabilización de débedas contraídas e de investimentos financeiras realizadas.

! Xestión de tesourería:

- Análise das funcións de tesourería e a súa relación con outros servicios.
- Elaboración de estados de prevención de cobros e pagamentos.
- Análise da falla de liquidez.
- Descrición e análise dos libros auxiliares de caixa e bancos.
- Formalización de documentación de cobros e pagamentos.
- Realización de operacións de xestión e desconto de efectos.
- Realización de casos prácticos de contabilización de operacións de xestión de

tesourería.

- Utilización de aplicacións informáticas na xestión de tesourería.

! Tratamento informático do proceso contable:

- Descrición das funcións comúns a calquera programa, para o tratamento informático da contabilidade.

- Realización, utilizando unha aplicación informática, dun suposto integrador dos aspectos estudados e obtención dos libros obrigatorios e voluntarios correspondentes.

CONCEPTUAIS

! O estudo económico da empresa e do seu patrimonio:

- O concepto económico de empresa.
- Recursos financeiros e investimento.
- Fontes de financiamento:
 - * Financiamento propio.
 - * Financiamento alleo.
- Concepto e clases de contabilidade.
- O patrimonio empresarial:
 - * Concepto.
 - * Elementos patrimoniais.
 - * Masas patrimoniais.
 - * Representación patrimonial: Inventario e balance de situación.
 - * Variacións patrimoniais: os feitos contables.

! Metodoloxía contable:

- A conta:
 - * Concepto.
 - * Representación.
 - * Clasificación.
 - * Terminoloxía.
 - * Teorías de cargo e aboamento.
- A partida dobre. Principios
- Os libros de contabilidade:
 - * Clases e tipos.
 - * Normativa legal.
- A análise precontable.

! A planificación contable:

- Necesidade dun plano contable para a empresa.

- O Plan Xeral de Contabilidade:

- * Estructura e contidos.
- * Principios contables.
- * Cadro de contas.
- * Definicións e relacións contables.
- * Contas anuais.
- * Normas de valoración.

! Desenvolvemento do ciclo contable básico:

- Etapas do ciclo contable:

- * O inventario inicial.
- * Asentos de apertura.
- * Asentos de xestión.
- * Balances de comprobación.
- * Operacións de peche:
 - Amortizacións e provisiones.
 - Axustes por periodización.
 - Asentos de regularización.
 - Asentos de peche.
- * O inventario final e as contas anuais.

- Normativa legal sobre a documentación mercantil.

- Introducción á fiscalidade da empresa: IRPF, IS.

! Estudio do Plan Xeral de Contabilidade:

- Estudio das principais contas do inmovilizado:

- * Definicións e relacións contables.
- * Procedementos de amortización.
- * Normas de valoración.

- Estudio das principais contas de existencias:

- * Definicións e relacións contables.
- * Rexistro contable das operacións de compras.
- * Rexistro contable das operacións de vendas.
- * Normas de valoración.
- * Xestión de almacén.
- * Libros rexistro.

- Estudio doutras contas de gastos:

- * Servicios exteriores.
- * Gastos de persoal.
- * Gastos financeiros.
- * Perdas e gastos excepcionais.
- * Normas de valoración.

- Estudio doutras contas de ingresos:
 - * Subvencións á explotación.
 - * Outros ingresos de xestión.
 - * Ingresos financeiros.
 - * Beneficios e ingresos excepcionais.
 - * Normas de valoración.
- Estudio das principais contas de acredores e debedores por operacións de tráfico:
 - * Definicións e relacións contables.
 - * Normas de valoración.
- Estudio das principais contas financeiras e de financiamento básico:
 - * Definicións e relacións contables.
 - * Normas de valoración.

! Xestión de tesourería:

- Previsión de tesourería.
- Necesidade de liquidez.
- Organización e operacións de caixa.
- Operacións con bancos e entidades de crédito.
- Control de operacións de tesourería.
- Rexistro contable das operacións de tesourería.
- Tratamento informático das operacións de tesourería.

! Tratamento informático do proceso contable:

- Requisitos de instalación.
- Prestacións, funcións e procedementos.
- Rutinas de mantemento e consultas de arquivos.
- Procedementos de seguridade e control.

ACTITUDINAIS

! Estudio económico da empresa e do seu patrimonio:

- Preocupación por mostra-la imaxe fiel do patrimonio empresarial.

- Respecto e cumprimento dos procedementos e normas de actuación establecidas.
- Integración nun equipo de traballo con responsabilidades concretas e fins comúns.

! Metodoloxía contable:

- Dilixencia na execución das instrucións recibidas.
- Rigor no rexistro de feitos contables.
- Respecto pola normativa legal.
- Pulcritude na confección dos libros contables.

! A planificación contable:

- Valoración do Plan Xeral de Contabilidade como normalización da contabilidade das empresas.
 - Respecto polas normas contables e aceptación das suxestións tendentes á normalización.
- Respecto por tódalas opinións.

! Desenvolvemento do ciclo contable:

- Respecto polo segredo da información contable.
- Adquisición do hábito do rigor e da organización no tratamento da documentación contable.
- Colaboración e participación en equipo.

! Estudio do Plan Xeral de Contabilidade:

- Interese polo coñecemento da normativa contable.
- Valoración do P.X.C. como norma e guía para a elaboración do plan contable da empresa.

! Xestión de tesourería:

- Responsabilidade e rigor na xestión de tesourería para evitar fluctuacións de liquidez.

- Preocupación por documentar todas as operacións de tesourería.
- Valoración da comunicación e da transparencia.

! Tratamento informático do proceso contable:

- Predisposición polo uso da informática na xestión administrativa en xeral e na contable en particular.
- Responsabilidade no manexo e conservación do material ofimático.

Módulo profesional 5: PRODUCTOS E SERVICIOS FINANCEIROS E DE SEGUROS, BÁSICOS

Asociado á Unidade de Competencia 5: INFORMAR E ATENDE-LO CLIENTE SOBRE PRODUCTOS E/OU SERVICIOS FINANCEIROS E DE SEGUROS

CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS

- 1.- Diferencia-los distintos Intermediarios Financeiros bancarios.
- 2.- Analiza-las relacións entre empresas de servicios financeiros e de seguros.
- 3.- Analiza-la influencia da Unión Europea no sistema financeiro español.
- 4.- Analiza-los productos financeiros distinguindo entre operacións activas e pasivas.
